

ORDENANZA REGULADORA DA LIMPEZA VIARIA E ORNATO PÚBLICO NO CONCELLO DE CAMBRE

PREÁMBULO

A presente ordenanza municipal de limpeza viaria ten por obxecto regular, dentro da esfera das competencias municipais, a limpeza das vías, e ornato público establecendo unhas normas xerais de actuación ao respecto, así como un sistema de infraccións e sancións para o caso de incumprimento.

Con iso, preténdese facer do municipio de Cambre un lugar máis hixiénico, máis limpo e habitable, de xeito que os veciños poidan colaborar e ser partícipes da mellora hixiénica que o aumento e crecemento continuo do Concello require.

A razón desta ordenanza é, esencialmente, orientar, informar e, no seu caso, sancionar ao cidadán, no seu desenvolvemento cotián no medio en que está inserto, no ámbito municipal, en todo o relativo á limpeza viaria, así como, a través dunha maior concienciación cidadá, colaborar para que o noso municipio permanezca limpo, evitando con iso que os custos da limpeza viaria se disparen por ter que recorrer a un aumento desorbitado dos medios.

Así pois, o Concello de Cambre, no exercicio das potestades regulamentaria e de autoorganización, aproba a seguinte ordenanza:

TÍTULO PRELIMINAR

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto da presente ordenanza.

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación, dentro do ámbito das competencias do Concello de Cambre, daquelas actividades dirixidas á limpeza das vías e espazos públicos, fomentando actitudes encamiñadas á eliminación da sucidade e ao mantemento da limpeza e do ornato público en todo o termo municipal.

Todos os veciños deben cumprir as prescricións contidas na presente ordenanza e nas normas complementarias que no seu caso se diten.

Artigo 2.- Fundamento.

1.- A regulación da presente ordenanza atínxese aos principios do artigo 45 da Constitución española; arts. 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, respecto da obriga de velar por un medioambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, e de prestar os servizos de limpeza viaria.

2.- Art. 4.1. a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; art. 6.1. a) da Lei 5/97, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; e art. 4.1. a) do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, respecto das postestades regulamentaria e de autoorganización.

3.- Art. 4.1. f) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e disposición adicional única da Lei 11/99, de 21 de abril, de modificación da Lei 7/85, de 2 de abril, respecto da potestade sancionadora pola comisión de infraccións, sendo de aplicación supletoria, para a súa substanciación, o procedemento previsto no Real decreto 1398/1993, de 4 de agosto.

4.- Lexislación marco do sector de limpeza:

- Orde de 1 de decembro de 1972 pola que se aproba a ordenanza de traballo para a limpeza pública, riscos, recollida de lixo e limpeza e conservación da rede de sumidoiros. (BOE 29/12/72).

- Orde de 26 de marzo de 1973 pola que se modifican os artigos 60 e 71 da ordenanza de traballo para a limpeza públi-

ca, riscos, recollida de lixo e limpeza e conservación da rede de sumidoiros de 1 de decembro de 1972 (Disposición 1920). (BOE 11/04/73).

- Orde de 23 de setembro de 1975 pola que se modifica a ordenanza de traballo para a limpeza pública, riscos, recollida de lixo e limpeza e conservación da rede de sumidoiros, aprobada por orde 1 de decembro de 1972. (BOE.06/10/75).

- Resolución de 18 de novembro de 1993, Acordo estatal de formación continua para o sector de recollida de lixo urbana, limpeza viaria e saneamento urbano. (BOE 09/12/93).

- R.D. 2207/1995 sobre limpeza de áreas alimentarias.

- Resolución de 12 de febreiro de 1996, da Dirección Xeral de Traballo, Convenio colectivo do sector de limpeza pública, viaria, riscos, recollida, tratamento e eliminación de residuos, limpeza e conservación da rede de sumidoiros. (BOE 07/03/96).

- Resolución de 20 de marzo de 1997, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación do Acordo de adhesión do sector de limpeza pública, viaria, riscos, recollida, tratamento e eliminación de residuos e limpeza e conservación da rede de sumidoiros, ao Acordo interconfederal relativo á solución extraxudicial de conflitos laborais (ASEC). (BOE 15/04/1997).

5.- Lexislación sectorial.

- Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

- Lei 10/97, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia.

- Lei 10/98, de 21 de abril, de residuos.

- Directiva 1999/31/CE do Consello de 26 de abril de 1999 relativa ao vertido de residuos.

Artigo 3.- Ámbito obxectivo da presente ordenanza.

1.- Para os efectos da presente ordenanza, enténdese por vía pública os paseos, rúas, avenidas, prazas, beirarrúas, xardíns, zonas verdes e demais bens de propiedade municipal destinados directamente ao uso común xeral dos veciños, quedando, por tanto, excluídas as urbanizacións privadas, xardíns particulares, pasaxes pechadas, patios interiores, solares privados, accesos a garaxes, galerías comerciais e similares, nos que a limpeza é responsabilidade dos particulares, sexa en propiedade única, compartida ou en réxime de propiedade horizontal. O Concello de Cambre exercerá o control da limpeza destes elementos, e poderá obrigar no seu defecto ás persoas responsables, independentemente das sancións a que dera lugar a súa actuación.

2.- Así mesmo, quedan excluídos do ámbito desta ordenanza os terreos ou bens que, aínda sendo de propiedade municipal, estean sometidos a un uso común especial ou a un uso privativo por particulares, entidades públicas ou privadas ou outras administracións públicas, logo das correspondentes licenzas e concesións, respectivamente.

Artigo 4.- Definicións.

Para os efectos da presente ordenanza, entenderanse:

1.- Por rótulos, os anuncios fixos ou móbiles realizados mediante pintura, ou calquera outro material destinados a conferirlles unha longa duración.

2.- Por carteis, os anuncios (impresos, pintados ou escritos) sobre papel ou outro material de escasa consistencia. Se son de formato reducido e distribución manual, os carteis terán a consideración de panfletos.

3.- Por pancartas, os anuncios publicitarios de gran tamaño, situados na vía pública sobre un soporte non ríxido.

4.- Por pintadas, as inscricións realizadas na vía pública, sobre os muros ou paredes dos edificios, ou sobre calquera dos elementos estruturais ou do mobiliario urbano.

5.- Por bandeirolas, os anuncios publicitarios de escaso tamaño e que, como colgantes, adoitan dispoñerse suxeitos a un elemento común que na maioría dos casos se apoia en partes de edificios ou mobiliario urbano.

6.- Por pegatinas, os impresos dotados de material adhesivo nunha das súas caras, que poidan aplicarse directamente en calquera outro elemento sólido.

7.- Por panfletos e folletos, os fragmentos de papel ou de material análogo que se distribúen aos cidadáns ou se depositan na vía pública, vehículos, buzóns exteriores etc.

TÍTULO I

LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS

Capítulo I: Obrigas

Artigo 5.- Limpeza da rede viaria pública.

A limpeza da rede viaria pública, tanto de tránsito rodado como peonil, será realizada polos servizos municipais coa frecuencia conveniente, e a través das formas de xestión que acorde o Concello de Cambre conforme coa lexislación en vigor.

Artigo 6.- Zonas privadas.

A limpeza das rúas, espazos e terreos de dominio particular levarase a cabo polos seus donos, seguindo as directrices que marque o Concello para acadar niveis adecuados de hixiene.

As comunidades de propietarios ou quen habite o inmovible ou inmoables lindeiros están obrigados a manter limpos os patios de luces, patios de quinteiro ou calesquera espazos sen edificar anexos ao edificio, sexan comunes ou propios, rexéndose para o efecto polas súas normas estatutarias e, no seu defecto, pola directrices do Concello, non podendo en ningún dos casos contradicir a presente ordenanza.

Artigo 7.- Solares e terreos privados.

A limpeza de solares e outros terreos de propiedade particular que se atopen en solo urbano e non estean incluídos no artigo anterior corresponderá, igualmente, á propiedade.

O cumprimento da obriga de manter limpos os terreos non exixe de levar a cabo o seu valado ou peche, conforme coa normativa urbanística e demais disposicións sobre réxime do solo.

Artigo 8.- Depósito de residuos domiciliarios.

Os residuos incluídos na recollida de lixo domiciliar, depositaranse en envases non retornables e resistentes, separando adecuadamente a materia orgánica da inorgánica, depositando cada unha no colector correspondente.

Cartón, papel e vidro depositaranse nos colectores dispostos para o efecto.

No caso de cartóns, embalaxes e caixas depositaranse convenientemente pregados.

O horario de depósito das bolsas de residuos orgánicos e inorgánicos será entre as 20:00 h. e as 08:00 h. todos os días de semana con excepción da noite do sábado e a madrugada do domingo.

Capítulo II: Prohibicións

Artigo 9.- Usuarios de vías públicas.

Prohíbese tirar á vía pública todo tipo de residuos. Quen transite polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos públicos e queira desprenderse de residuos de pequena entidade (cabi-chas, cáscaras, papeis, etc...), utilizarán as papeleiras instaladas para tal fin.

Os usuarios absteranse de toda manipulación sobre as papeleiras, así como de realizar calquera acto que as deteriore ou as inutilice para o uso ao que están destinadas.

Artigo 10.- Prohibicións en vías e espazos libres.

Queda prohibida calquera operación que poida ensuciar as vías e espazos libres públicos, e, en especial:

- Lavar ou limpar vehículos, así como cambiarlles o aceite ou outros líquidos.

- Manipular ou dispersar residuos ou alterar os seus envases.

- Sacudir prendas ou alfombras na vía pública ou sobre ela dende fiestras, balcóns ou terrazas.

- Tirar á vía pública calquera clase de refugallos dende vehículos, xa estean parados ou en marcha.

- Tirar fóra das papeleiras os residuos de tamaño pequeno, como papel, envoltorios ou similares, ou ben baleirar o contido das papeleiras na vía pública.

- Tirar materiais acendidos en papeleiras, colectores ou outra clase de mobiliario urbano destinado á recollida de residuos, que, en todo caso, deberán depositarse unha vez apagados.

- Cuspir na rúa, e satisfacer necesidades fisiolóxicas na vía pública ou en calquera outro espazo que non sexa o destinado expresamente para tal fin.

- Tirar dende balcóns e terrazas calquera clase de residuos, restos de arranxo de macetas ou outro obxecto que puidera causar danos ou molestias a persoas ou cousas.

- Verter auga sucia sobre a vía pública, solares ou zonas axardinadas, así como o desaugadoiro de aparatos de refrixeración sobre eles.

- Abandonar na vía pública os produtos de varrido e limpeza dela, producidos polos particulares.

- Ensuciar a vía pública como consecuencia da tenencia de animais.

- Regar as plantas instaladas no exterior dos edificios se a consecuencia desta operación se producen vertidos ou salpicaduras sobre a vía pública ou sobre os seus elementos.

- Abandonar mobles e tarecos particulares na vía pública, agás os que estean en espera de ser retirados polo servizo especial de recollida deles.

- Ter a roupa tendida á vista sobre a vía pública, sen prexuízo da prohibición xenérica de instalar tendais nas fachadas dos inmoables.

Capítulo III: Medidas aplicables aos titulares de actividades concretas

Artigo 11.- Titulares de establecementos.

1.- Quen estea ao fronte de quioscos ou postos autorizados na vía pública están obrigados a manter limpo o espazo no que desenvolven o seu cometido e as súas proximidades durante o horario en que realicen a súa actividade, e deixalo no mesmo estado unha vez finalizada.

2.- A mesma obriga incumbe aos donos de cafés, bares e establecementos análogos en canto á superficie que ocupen con veladores, mesas, cadeiras, etc..., así como da beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada. Todo o mobiliario empregado deberá ser retirado da vía pública unha vez expirado o prazo da correspondente licenza municipal.

3.- Os titulares dos establecementos, quioscos ou postos, deberán instalar e manter pola súa conta as papeleiras necesarias. A recollida dos residuos acumulados nelas realizarase polo titular do establecemento.

Artigo 12.- Vehículos de transporte.

Os propietarios ou condutores de vehículos que transporten terras, entullos, materiais pulverulentos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou materiais similares, terán que tomar cantas medidas sexan precisas para cubrir tales materiais durante o transporte e evitar que pola súa natureza ou pola velocidade do vehículo ou do vento caigan sobre a vía pública os materiais transportados.

Así mesmo, antes de saír das obras, graveras, etc., terán que lavarse os baixos e rodas dos vehículos para impedir que ensucien as vías públicas, mediante calquera sistema de lavado, puidendo os servizos técnicos municipais esixir o uso doutro sistema que se considere máis efectivo.

Os vehículos destinados aos traballos de construción, darán cumprimento ás prescricións que se establecen sobre transporte e vertido de terras e entullos.

Queda prohibido o transporte de formigón con vehículo formigoneira sen levar pechada a boca de descarga cun dispositivo que impida o vertido de formigón na vía pública. Prohíbese limpar as formigoneiras na vía pública.

Artigo 13.- Carga e descarga de vehículos.

Finalizadas as operacións de carga, descarga, saída ou entrada a obras, almacéns, etc., de calquera vehículo que poida producir sucidade na vía pública, o persoal responsable das citadas operacións, e subsidiariamente, os titulares dos establecementos e obras onde se efectuaran e, en último termo, o propietario ou o condutor do vehículo, limparán a vía pública e os elementos desta que se tiveran ensuciado, así como retirarán os materiais vertidos. As persoas mencionadas no apartado anterior, e pola mesma orde, serán as responsables das infraccións e dos danos que delas se deriven.

Artigo 14.- Obras na vía pública.

Cando se realicen pequenas obras na vía pública, os materiais sobrantes e entullos terán que ser retirados dentro das vinte e catro horas seguintes á terminación dos traballos, deixándoos entre tanto debidamente amoreados para non perturbar a circulación de persoas e vehículos.

Cando pola entidade das obras, estas requiran da utilización de colectores para almacenaxe de entullos, a vía pública estará libre destes elementos durante os fins de semana e festivos, para o que os colectores e provisións de material deberán retirarse antes das 19:00 horas do venres ou do día anterior ao festivo correspondente, e, en todo caso, dentro das vinte e catro horas seguintes á finalización dos traballos.

En todo caso a vía pública deberá quedar libre de toda maquinaria utilizada para a realización das citadas obras, respectándose o horario prescrito anteriormente.

Sobrepasado o termo de vinte e catro horas, os materiais abandonados na vía pública adquirirán o carácter de propiedade municipal, sen que o responsable poida reclamar ao Concello polas perdas ocasionadas na eliminación destes materiais, e sen prexuízo da taxa fiscal a aplicar pola prestación do correspondente servizo, nin das sancións que sexan aplicables.

Cando se trate de obras na vía pública, independentemente das medidas de seguridade vial, deberán instalarse valos debidamente sinalizados nos que se reflectirá o nome da empresa contratista e/ou promotora, así como elementos de protección da obra e tubos para a carga e descarga de materiais e produtos de derriba, que deberán reunir as condicións necesarias para impedir a sucidade na vía pública e que se causen danos a persoas ou cousas.

Cando se trate de edificios en construción, rehabilitación, reforma ou derribo, será o contratista da obra o responsable da limpeza da vía pública, así como da limpeza de camiños e rúas

en todo o percorrido polo termo municipal, que efectúen os vehículos adscritos á obra.

Artigo 15.- Animais domésticos.

As persoas que conduzan cans u outros animais polas vías e espazos públicos deben impedir que estes ensucien en calquera lugar destinado ao tránsito de peóns. No caso de que as deposicións dos animais se realicen na vía pública, a persoa que conduza o animal está obrigada á súa retirada, limpeza e depósito en colectores de materias orgánicas.

TÍTULO II**LIMPEZA DE EDIFICACIÓNS****Artigo 16.- Partes visibles.**

Os propietarios das fincas, vivendas e establecementos ou subsidiariamente, os titulares, están obrigados a mantelas nas debidas condicións de seguridade, limpeza e ornato público.

As comunidades de propietarios dos edificios ou os propietarios de fincas, vivendas e establecementos están obrigados a manter limpas e en bo estado as fachadas, os rótulos de numeración dos portais, as medianeiras descubertas, as entradas, as escaleiras de acceso e, en xeral, todas as partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública.

Os propietarios (particulares ou promotores e construtores) dos baixos deberán pechalos debidamente, con ladrillo ou bloque, levando a cabo o seu recebado, salpicado e en todo caso pintado.

Para estes efectos, os propietarios deberán proceder aos traballos de mantemento, limpeza, recebado e estucado, cando por motivos de ornato público sexa necesario ou o ordene a autoridade municipal, logo do informe dos servizos municipais competentes.

Suposto o incumprimento dos apartados anteriores, e logo do trámite de audiencia, o Concello requirirá aos responsables para que no prazo que se lles sinala realicen as obras u operacións necesarias.

Artigo 17.- Precaucións.

Cando se realicen limpeza de escaparates, portas, toldos, etc., adoptaranse precaucións para non causar molestias aos transeúntes nin ensuciar a vía pública. Se se ensuciase por tal motivo, os donos do inmovible limparán os residuos.

Iguais precaucións terán que adoptarse para a limpeza de balcóns e terrazas, así como para o rego de plantas instaladas neles.

Artigo 18.- Prohibicións.

Co obxecto de manter as condicións de limpeza que esixen o ornato e a estética do municipio, queda prohibido:

- Realizar inscricións ou pintadas nas paredes, muros, cabinas, fachadas, valos, así como no mobiliario urbano.
- Colocar carteis en lugares non autorizados expresamente para iso.
- Resgar, ensuciar ou arrancar os carteis ou anuncios situados nos lugares autorizados para o efecto.

TÍTULO III**LIMPEZA E MANTEMENTO DE URBANIZACIÓNS E FINCAS DE PROPIEDAD PRIVADA****Artigo 19.- Obrigas.**

Corresponde aos propietarios a limpeza das beirarrúas, paisaxes, calzadas, prazas, etc., das urbanizacións de dominio e uso privado.

Será tamén obriga dos propietarios a limpeza dos patios interiores de quinteiro, as fincas particulares, as galerías comerciais e similares.

Dende as fincas particulares, non pode sobresaír á vía pública ningunha clase de vexetación ou maleza.

O Concello exercerá o control e inspección do estado de limpeza dos elementos obxecto dos apartados anteriores, e poderá requirir aos responsables para a súa limpeza, de acordo coas instrucións que para o efecto diten os servizos municipais.

Os propietarios de fincas deberán mantelas libres de refugallo e residuos, e nas debidas condicións de salubridade, hixiene, seguridade e ornato público. A prescrición anterior inclúe a existencia da súa desratización e desinfección.

A actividade de libramento de desperdicios, esterco, xurro ou outros produtos que xeren mal olor, co fin de abono da terra necesitará licenza municipal previa.

Os solares sen edificar valaranse convenientemente co recuamento e alturas que marquen as Normas subsidiarias ou Plan xeral de ordenación municipal, co fin de manter as condicións adecuadas de seguridade e salubridade.

TÍTULO V

NORMAS ESPECIAIS

Artigo 20.- Carteis e anuncios.

Os propietarios ou titulares de inmobles coidarán de manter limpas as paredes ou fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa o específico dunha profesión ou actividade mercantil.

A colocación de carteis, rótulos de establecementos ou anuncios realizarase na forma que se estableza na autorización ou licenza municipal que se outorgue ao respecto.

A colocación de carteis, pancartas, bandeirolas, a distribución de panfletos, e calquera outra actividade publicitaria das reguladas no presente título, esta suxeita á previa autorización municipal.

A concesión da autorización municipal para os elementos publicitarios aquí definidos, levará implícita a obriga polo solicitante de limpar os espazos da vía pública que se tiveran ensuciado, e de retirar dentro do prazo autorizado, todos os elementos publicitarios que se tivesen utilizado e os seus correspondentes accesorios.

Para a colocación ou distribución na vía pública dos elementos publicitarios aquí sinalados, o Concello poderá esixir a constitución de fianza pola contía correspondente aos custos previsibles de limpar ou retirar da vía pública os elementos que puideran causar sucidade.

Prohíbese a colocación de carteis, bandeirolas, pancartas, rótulos, pegatinas, así como calquera outro elemento publicitario ou de comunicación fóra dos lugares que expresamente sexan autorizados polo Concello, (e en concreto nas fachadas dos edificios públicos ou no mobiliario ou equipamento urbanos - p.e. farois, bancos, marquesiñas).

Prohíbese toda clase de actividade publicitaria das reguladas no presente título nos edificios cualificados como histórico-artísticos, ou asimilados. Exceptuaranse aqueles que fagan referencia ás actividades que teñan lugar no edificio, ou a obras de conservación, reforma ou rehabilitación deles.

A colocación de pancartas e bandeirolas na vía pública, soamente se autorizará:

- En período de procesos electorais.
- En período de festas populares e tradicionais.

c) Nas situacións expresamente autorizadas pola autoridade municipal competente.

A autoridade municipal regulará en cada caso as condicións en que poderán utilizarse os espazos que para tal fin destíne o Concello, e a tramitación necesaria para solicitar a correspondente autorización.

Prohíbese a colocación de pancartas e bandeirolas suxeitas ás árbores en calquera dos seus elementos.

A solicitude de autorización para a colocación de pancartas ou bandeirolas, deberá acompañarse de:

- Memoria explicativa.
- Plano de situación dos lugares onde se pretenden colocar.
- Plano de detalle co contido e dimensións das pancartas ou bandeirolas.
- Duración da instalación.
- Orzamento desglosado de instalación e da súa retirada.
- O compromiso do responsable de retiralas e de reparar os desperfectos causados na vía pública ou aos seus elementos estruturais.

g) Póliza de seguros de responsabilidade civil para responder dos danos que puideran ocasionarse como consecuencia da colocación de pancartas e bandeirolas.

As pancartas ou bandeirolas suxeitas aos elementos estruturais da vía pública, deberán situarse a unha altura mínima de colocación, medida no punto máis baixo, será de 5 m. cando afecte a calzada ou aparcamentos, e de 3 m. en beirarrúas, paseos e outras zonas peonís.

As pancartas e bandeirolas deberán ser retiradas polos responsables da súa colocación tan pronto como caducase o prazo para o que foron autorizadas. De non facelo así, serán retiradas polos servizos municipais, imputándose aos responsables os custos correspondentes ao servizo prestado, sen prexuízo da imposición das sancións a que houbese lugar.

Artigo 21.- Pintadas.

Prohíbese toda clase de pintadas na vía pública, tanto sobre os seus elementos estruturais, calzadas, beirarrúas e mobiliario urbano, como sobre os muros, paredes, estatuas, monumentos e calquera elemento externo.

Poderáanse autorizar as pinturas murais realizadas sobre os valos dos solares, peches de obra, paredes medianeiras vistas, etc.

Artigo 22.- Distribución de panfletos ou similares.

Prohíbese espaxar e tirar sobre a vía pública toda clase de panfletos ou materiais similares, así como a súa colocación en parabrisas de vehículos ou calquera outro soporte similar.

Nas novas promocións de vivendas os buzóns para publicidade situados na parte exterior dos portais serán pechados e cun mecanismo de apertura/peche con chave. As vivendas antigas terán que adaptarse a este requirimento no prazo de tres (3) anos.

Os servizos municipais correspondentes limparán os espazos públicos que se tiveran visto afectados pola distribución ou dispersión de panfletos ou folletos, imputando aos responsables o custo dos servizos extraordinarios prestados, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan.

Artigo 23.- Terras e entullos.

1.- Prohíbese depositar na vía pública toda clase de entullos ou refugallo procedentes de obras de construción e remoción de inmobles, ou de obras realizadas no seu interior.

2.- Igualmente, queda prohibido almacenar na vía pública, fóra dos límites dos valos protectores de obras, o material de construción.

3.- Os residuos e materiais a que se refire o presente artigo só poderán ser almacenados na vía pública utilizando colectores adecuados ao cumprimento da normativa aplicable, e na forma e condicións autorizadas polo Concello.

4.- Os colectores para obras serán retirados da vía pública:

1.- Ao expirar o termo da concesión da licenza de obras.

2.- Cando existan razóns de interese público logo do requirimento da autoridade municipal.

3.- En canto estean cheos, para o seu baleirado e sempre dentro do mesmo día en que se producira o seu enchido.

4.- Durante os fins de semana e festivos, para o que os colectores e provisións de material deberán retirarse antes das 19:00 horas do venres ou do día anterior ao festivo correspondente, e, en todo caso, dentro das vinte e catro horas seguintes á finalización dos traballos.

5.- Unha vez finalizada a xornada laboral, cubrirase para impedir o espexemento de materiais.

Artigo 24.- Mobles e pertenzas.

Queda prohibido o abandono en espazos públicos de mobles, electrodomésticos e demais pertenzas. As persoas que desexan desprenderse de tales elementos comunicaranos ao Concello, que lles orientará sobre o procedemento a seguir para a súa eliminación.

TÍTULO V

RESPONSABILIDADES, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 25.- Responsabilidades.

1.- As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas nesta ordenanza serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas e animais polos que se deba responder nos termos previstos no Código Civil.

2.- Cando se trate de obrigas colectivas como uso, conservación e limpeza de zonas comúns, etc..., a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible cando non estea constituída.

3.- Cando se causen danos a terceiros como consecuencia da actuación das entidades que, no seu caso, realicen a xestión indirecta do servizo, estarase ao establecido na lexislación de contratos das administracións públicas e pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexan o expediente de contratación.

Artigo 26.- Responsabilidade municipal.

O Concello responderá directamente dos danos e prexuízos causados aos particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

Artigo 27.- Tipificación das infraccións.

As infraccións á presente ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves:

a) Considéranse infraccións leves as seguintes:

1. Incumprimento das normas sobre limpeza da vía pública como consecuencia do uso común xeral dos cidadáns.

2. Ensuciar a vía pública como consecuencia da tenencia de animais ou por tirar outros pequenos residuos, tales como chicles, restos de froitos secos, cabichas, papeis, envoltorios, etc.

3. Ensuciar a vía pública como consecuencia do consumo de bebidas alcohólicas ou refrescantes, tanto en envases de cristal como de plástico, metal ou similares.

4. Librar residuos fóra dos colectores ou en elementos de contención distintos dos permitidos.

5. Depositar residuos en horas ou lugares distintos aos sinalados polos servizos municipais, ou en colectores que non se correspondan co residuo depositado.

6. Incumprimento da obriga de limpeza en paisaxes e urbanización particulares.

7. Colocar, espaxar ou tirar panfletos, carteis, pancartas, bandeirolas ou materiais similares sen licenza municipal ou en lugares non autorizados.

b) Considéranse infraccións graves as seguintes:

1. Ensuciar a vía pública a consecuencia de efectuar obras e outras actividades que esixan limpeza segundo esta ordenanza.

2. Incumprimento da obriga de mantemento de limpeza de fachadas, rótulos anunciante, toldos, medianeiras, entradas, escaleiras de acceso e, en xeral, todas as partes dos inmoebles que sexan visibles dende a vía pública.

3. Incumprimento do deber de limpeza e mantemento de solares.

4. Ensuciar a vía pública a consecuencia de actividades en establecementos comerciais, hosteleiros, quioscos, postos na rúa e similares.

5. Abandonar mobles, pertenzas domésticas, materiais residuais ou outros obxectos similares en fincas, camiños ou calquera outro lugar non habilitado especialmente para iso.

6. Librar na vía pública residuos excluídos dos servizos de recollida domiciliaria, e por tanto susceptibles dun especial tratamento e depósito, sempre que este feito non sexa clasificado como moi grave no apartado seguinte.

7. Incumprimento das normas desta ordenanza sobre actos públicos, pancartas, carteis, rótulos, pintadas e panfletos.

8. Non manter os elementos de contención retornables en perfectas condicións de uso e limpeza.

9. Efectuar manipulación de lixo na vía pública.

10. Librar envases e residuos de envases en colectores comúns ou na vía pública.

11. A reiteración de 2 faltas leves no período de dous anos.

c) Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

1. Ensuciar a vía pública con motivo do transporte de materiais de obra, terras, entullos ou residuos especiais, ao non ter adoptado medidas no vehículo para impedir os vertidos.

2. Efectuar vertidos de terras e entullos en lugares non autorizados.

3. Depositar na vía pública animais mortos ou residuos de carácter especial (perigosos, sanitarios, etc...)

4. Librar desperdicios, xurro, esterco, e produtos similares que xeran mal olor en fincas rústicas ou urbanas, ou camiños.

5. Realizar actos vandálicos, pintadas ou pegar elementos publicitarios no mobiliario urbano (colectores, papeleiras, marquesinas, etc...)

6. A reiteración de 3 faltas graves no período de dous anos.

Artigo 28.- Sancións.

As sancións que se poderán impoñer pola comisión das infraccións indicadas (artigo 141 da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local), serán:

1.- Para as que teñan a consideración de leves, poderase impoñer unha multa de ata 750 euros.

2.- Para as infraccións que teñan a consideración de graves, poderase impoñer unha multa de ata 1.500 euros.

3.- Para as infraccións que teñan a consideración de moi graves, poderase impoñer unha multa de ata 3.000 euros.

4.- No caso de reincidencia na infracción da obriga establecida no artigo 11 desta ordenanza, poderase impoñer tamén a sanción de retirada temporal da licenza ou autorización municipal para o funcionamento do establecemento de que se trate, ata un máximo dun ano.

Todo isto sen prexuízo de esixirlles aos responsables da infracción, se fose o caso, que realicen os traballos de eliminación do lixo ou sucidade xerada e que indemnicen os danos causados.

Artigo 29.- Procedemento sancionador.

Para a imposición das sancións que puideran derivarse desta ordenanza, estarase ao procedemento establecido no R.D. 1398/1993 de 4 de agosto, que aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 30.- Prescrición.

As infraccións leves prescribirán aos seis meses, as graves ao ano e as moi graves aos dous anos.

Artigo 31.- Concorrenza na esixencia de responsabilidades.

As sancións que poidan impoñerse en cumprimento do disposto nos artigos anteriores, serán independentes das que poidan proceder como consecuencia da vulneración das disposicións sectoriais aplicables en materia urbanística, medioambiental, etc..., das indemnizacións de danos e prexuízos a prol de terceiros que procedesen, ou das accións de diferente natureza que a Corporación poida exercer ao respecto.

As responsabilidades e sancións mencionadas se substituirán e executarán, no seu caso, por vía executiva.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.

No non previsto na presente ordenanza, estarase ao disposto na Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nas normas de carácter xeral reguladoras do réxime local, sen prexuízo da aplicación da lexislación sectorial na materia.

Segunda.

En aplicación da presente ordenanza, os actos e acordos municipais que poñan fin á vía administrativa poderán, logo do recurso de reposición, ser impugnados ante a xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo do posible exercicio doutras accións que procedan ante a xurisdición competente.

Terceira.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se teña publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Cambre, 18 de novembro de 2005

O alcalde

Asdo: Antonio Varela Saavedra

14112-0

FENE

EDICTO

Publicación da aprobación das ordenanzas fiscais para 2006

A efectos do disposto no Texto refundido da Lei 2/2004, de 5 de marzo, ponse en coñecemento xeral, que na Casa do Concello de Fene, atópase exposto ó público, o expediente de Modificación de Ordenanzas fiscais para o 2006, que comprende:

- Modificación das Ordenanzas Fiscais reguladoras de impostos municipais nº 23 e 24.

- Modificación de Ordenanzas Fiscais reguladoras das taxas municipais nº 1,2,3,4,5,6,8,9,10,12,13,14,15,16,18,19,21 e 22.

Aprobadas provisionalmente polo Concello Pleno, de data 21 de novembro do presente ano, os interesados lexitimados, segundo o disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais 2/2004, de 5 de marzo, poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral deste Concello, no prazo de trinta días a partir da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Transcurrido o prazo sin reclamacións enténdese elevado a definitivo o presente acordo.

Fene, a 22 de novembro de 2005,

O Alcalde,

Asdo. Xosé María Rivera Arnoso.

14104-0



IRIXOA

ANUNCIO

Aprobación inicial orzamento xeral 2006

Aprobado inicialmente polo Pleno deste concello, na súa sesión de 18-11-2005, o expediente de orzamento xeral 2006, en cumprimento do art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo de Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ao público o mesmo durante o prazo de 15 días hábiles; durante tal prazo os veciños e interesados poderán examinar o expediente na Secretaría do concello e presentar as reclamacións por escrito que se consideren convenientes. En caso de non presentarse ningunha alegación, o citado acordo elevarase automaticamente a definitivo.

Irixoa, 18 de novembro de 2005.

O alcalde en funcións

Antonio Deibe Sanmartín.

14009-0



MIÑO

ANUNCIO

Anuncio de aprobación definitiva dos expedientes de modificación de crédito nas modalidades de crédito extraordinario, suplemento de crédito e transferencia de crédito

Tendo quedado definitivamente aprobados polo Pleno deste concello os expedientes de crédito extraordinario nº 2/05, 3/05, 4/05 e 5/05, expediente de suplemento de crédito nº 4/05 e expediente de transferencia de crédito nº 8/05, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 17 de outubro de 2005 e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ó público,